



Escola de Enxeñaría Industrial

Información

Para obter información adicional sobre o centro e os seus títulos visitar a páxina web do centro <https://eei.uvigo.es/>

Máster Universitario en Enxeñaría Biomédica

Materias

Curso 1

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
V04M192V01101	Estatística avanzada para a enxeñaría biomédica	1c	6
V04M192V01102	Métodos matemáticos aplicados á enxeñaría biomédica	1c	4.5
V04M192V01103	Modelado e simulación sistemas biomédicos	1c	4.5
V04M192V01104	Sistemas de diagnóstico e terapia	1c	4.5
V04M192V01105	Análisis biomecánico de actividades e funcións humanas	1c	4.5
V04M192V01106	Biomateriales avanzados e enxeñaría tisular	1c	6
V04M192V01201	Sinais biomédicas	2c	4.5
V04M192V01202	Control e regulación das funcións corporais	2c	4.5
V04M192V01203	Simulación de bioflúidos en enxeñaría biomédica	2c	4.5
V04M192V01204	Bioelectroquímica	2c	3
V04M192V01205	Enxeñaría de superficies para aplicacións biomédicas	2c	4.5
V04M192V01206	Robótica médica	2c	4.5
V04M192V01207	Mecánica de materiais e tecidos blandos	2c	4.5
V04M192V01208	Técnicas avanzadas no invasivas en enxeñaría biomédica: Aplicación do láser en medicina	2c	4.5
V04M192V01209	Deseño de produtos e servizos intelixentes no sector biomédico	2c	4.5

DATOS IDENTIFICATIVOS**Estatística avanzada para a enxeñaría biomédica**

Materia	Estatística avanzada para a enxeñaría biomédica			
Código	V04M192V01101			
Titulación	Máster Universitario en Enxeñaría Biomédica			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Estatística e investigación operativa			
Coordinador/a	de Uña Álvarez, Jacobo Rodríguez Álvarez, María José			
Profesorado	de Uña Álvarez, Jacobo Rodríguez Álvarez, María José			
Correo-e	jacobou@uvigo.es mxrodriguez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia pretende ser unha ferramenta útil na formación dun/ha enxeñeira/o biomédica/o. O seu principal obxectivo é formar ao alumnado no coñecemento e manexo, tanto a nivel teórico como práctico, de técnicas estatísticas e de deseño de experimentos de aplicación no ámbito da enxeñaría biomédica.			

Competencias

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
B1	Capacidade para deseñar, desenvolver, implementar, xestionar e mellorar produtos e procesos nas diferentes áreas do Enxeñaría biomédica, mediante técnicas analíticas, computacionais ou experimentais apropiadas.
B2	Capacidade de dirixir actividades relacionadas coa competencia CG1
B5	Coñecementos para a realización de medicións, cálculos, valoracións, taxacións, peritaxes, estudos, informes, planes de labores e outros traballos análogos.
B8	Capacidade para aplicar os principios e métodos da calidade.
C1	Capacidade para deseñar, implementar e xestionar experimentos adecuados, analizar os seus resultados e sacar conclusións no ámbito da enxeñaría biomédica.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer técnicas de análises de datos e deseño de experimentos de aplicación na enxeñaría biomédica.	A2 B1 B5 C1
Aplicar técnicas de análises de datos e deseño de experimentos no ámbito da de enxeñaría biomédica.	A2 A4 B1 B2 B5 B8 C1

Contidos

Tema

Tema 1. Ampliación de deseño e análise de experimentos	Principios e conceptos básicos do deseño experimental. Deseños replicados. Factor de bloqueo. Interacción. Deseño factorial con dous factores: modelo, contrastes de hipóteses relevantes, táboa ANOVA II, modelo de efectos principais. Deseño factorial con tres factores. Deseños fraccionados. Fracción un-medio dun deseño 2^k : fracción principal e fracción complementaria. Fraccións de deseños con tres factores: cadrados latinos.
Tema 2. Introducción ao control de calidade	Dimensións da calidade na Enxeñería. Principios básicos do control estatístico da calidade. Control por variables e control por atributos. Gráficos de control: límites de advertencia, límites de acción e regras de decisión. Función de operación característica. Control por variables: gráfico x-barra, gráfico R, gráfico S, gráficos para medidas individuais. Análise da capacidade. Control por atributos: gráfico p, gráfico np, gráfico c e gráfico u.
Tema 3. Fiabilidade industrial e análise de supervivencia	Concepto de fiabilidade e medidas de fiabilidade. Función de fiabilidade e función de taxa de fallo. Tempo medio residual de vida. Modelos probabilísticos notables: Exponencial, Gamma, Weibull, Lognormal, Loglogístico. Fiabilidade de sistemas. Estudos de fiabilidade: datos censurados e datos truncados. Métodos paramétricos de estimación e inferencia sobre a fiabilidade. Métodos non paramétricos: curvas Kaplan-Meier e Nelson- Aalen. Gráficos de bondade de axuste. Tests de vida acelerada. Regresión de Cox. Múltiples tipos de fallo.
Tema 4. Métodos lineais en regresión e clasificación	Modelo lineal e modelo lineal xeneralizado (loxístico e Poisson). Estimación e inferencia. Avaliación e selección de modelos (erro de predición; criterios de información; validación cruzada e bootstrap). Selección de variables e regularización (selección de subconjuntos de variables; regresión paso a paso; regresión LASSO e Ridge). Redución da dimensión.
Tema 5. Métodos non lineais en regresión e clasificación	Modelización de efectos non lineais: expansión en bases e regresión spline penalizada. Modelo aditivo xeneralizado. Estimación e inferencia. Métodos de regresión e clasificación baseados en árbores: árbores de decisión e bosques aleatorios. Introducción ás máquinas de vectores de soporte (support vector machines). Breve introdución ás redes neuronais e a aprendizaxe profunda.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	30	48	78
Prácticas con apoio das TIC	18	36	54
Resolución de problemas de forma autónoma	0	15	15
Exame de preguntas de desenvolvemento	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Expoñeranse en sesión maxistral os contidos da materia.
Prácticas con apoio das TIC	Tratamento de datos mediante o uso do software libre R.
Resolución de problemas de forma autónoma	Resolución de exercicios prácticos propostos durante as clases de teoría de forma autónoma.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	En todas as metodoloxías previstas nesta materia contéplase unha atención personalizada, tanto na aula como a través de titorías voluntarias.
Prácticas con apoio das TIC	En todas as metodoloxías previstas nesta materia contéplase unha atención personalizada, tanto na aula como a través de titorías voluntarias.
Resolución de problemas de forma autónoma	En todas as metodoloxías previstas nesta materia contéplase unha atención personalizada, tanto na aula como a través de titorías voluntarias.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Prácticas con apoio das TIC	Asistencia ás prácticas e resolución de probas ao longo do curso. O alumnado realizará casos prácticos de análise de datos empregando o software R.	50	A2 A4	B1 B2 B5 B8	C1
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame final sobre os contidos da materia. Se esixirá un mínimo de 4 puntos sobre 10 no exame final.	50	A2 A4	B1 B2 B5 B8	C1

Outros comentarios sobre a Avaliación

Valorarase o traballo da/o alumna/o ao longo do curso. Na nota final, a avaliación continua (prácticas) suporá un 50% e o exame final un 50%. Será obrigatorio presentarse á proba final, e deberase sacar nela unha cualificación superior a 4 puntos (sobre 10) para poder superar a materia.

Na convocatoria extraordinaria aplicarase o mesmo baremo que na ordinaria, contando a avaliación continua un 50% e o exame final un 50%. Neste caso manteranse as cualificacións das probas de avaliación continua e só se repetirá o exame final.

Requírese do alumnado que curse esta materia un comportamento responsable e honesto. Considérase inadmisíble calquera forma de fraude (copia ou plaxio) dirixida a falsear o nivel de coñecemento e habilidades acadados en todo tipo de proba, informe ou traballo. As condutas fraudulentas poderán supor suspender a materia durante un curso completo. Levarase un rexistro interno destas actuacións para, en caso de reincidencia, solicitar a apertura ao reitorado dun expediente disciplinario.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

James, G., Witten, D., Hastie, T., Tibshirani, R., **An Introduction to Statistical Learning: With Applications in R** (<https://www.statlearning.com>), 2, Springer, 2021

Hastie, T., Tibshirani, R., Friedman, J., **The Elements of Statistical Learning: Data Mining, Inference, and Prediction** (<https://hastie.su.domains/ElemStatLearn/>), 2, Springer, 2009

Montgomery, D.C., Runger, G.C., Hubele, N.F., **Engineering Statistics**, 5, Wiley, 2011

Bibliografía Complementaria

Wood, S., **Generalized Additive Models: An introduction with R.**, 2, Chapman and Hall/CRC Texts in Statistical Science, 2017

Faraway, J.J., **Linear models with R**, 2, Chapman and Hall, 2015

Dean, A., Voss, D., **Design and Analysis of Experiments.**, Springer, 1999

Kuehl, R.O., **Diseño de experimentos. Principios Estadísticos para el Diseño y Análisis de Investigaciones**, 2, Thomson, 2001

Ryan, T.P., **Modern Experimental Design**, Wiley, 2007

Vilar Fernández, J.M., **Modelos Estadísticos Aplicados**, Universidade da Coruña, 2003

Montgomery, D.C., **Control Estadístico de la Calidad**, 3, Limusa Wiley, 2004

Montgomery, D.C., **Introduction to Statistical Quality Control**, Wiley, 2009

Kalbfleisch, J. D. y Prentice, R. L., **The Statistical Analysis of Failure Time Data**, 2, Wiley, 2011

Lawless, J. F., **Statistical Models and Methods for Lifetime Data**, 2, Wiley, 2003

Recomendacións

DATOS IDENTIFICATIVOS**Métodos matemáticos aplicados á enxeñaría biomédica**

Materia	Métodos matemáticos aplicados á enxeñaría biomédica			
Código	V04M192V01102			
Titulación	Máster Universitario en Enxeñaría Biomédica			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	4.5	OB	1	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Matemática aplicada I			
Coordinador/a	Martínez Torres, Javier Fernández García, José Ramón			
Profesorado	Fernández García, José Ramón Martínez Torres, Javier			
Correo-e	jose.fernandez@uvigo.es javidevigo@gmail.com			
Web				
Descrición xeral				

Competencias

Código				
A5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.			
B3	Coñecemento en materias básicas e tecnolóxicas que os capacite para a aprendizaxe de novos métodos e teorías, e os dote de versatilidade para adaptarse a novas situacións.			
C2	Capacidade para modelizar matematicamente os sistemas e procesos complexos no ámbito da enxeñaría biomédica.			

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer os métodos matemáticos de aplicación no eido da enxeñaría biomédica	B3 C2
Aplicar os métodos matemáticos de aplicación no eido da enxeñaría biomédica	A5 C2

Contidos

Tema		
Análise de Fourier	Introducción ó Análise de Fourier	
Extensións do Análise de Fourier á Enxeñaría Biomédica	Introducción ó Análise de Fourier no eido da Enxeñaría Biomédica	
Introducción ás Ecuacións diferenciais Parciais	Introducción ós problemas clásicos Clasificación das EDPs Formulación Variacional	
Métodos Numéricos para a resolución de EDP en Biomédica	Introducción ós Elementos Finitos Introducción a diferencias Finitas e Volumes Finitos	

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	14	16	30
Resolución de problemas	8	16	24
Prácticas con apoio das TIC	14	20	34
Exame de preguntas obxectivas	2	0	2
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	0	20.5	20.5
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Nestas sesións desenvolveranse aqueles conceptos teóricos necesarios para a correcta resolución dos problemas implicados na Enxeñaría Biomédica. levarán a cabo pequenos exercicios resoltos que permitan ao alumno adquirir as destrezas suficientes para poder levar a cabo a resolución dun problema real.
Resolución de problemas	
Prácticas con apoio das TIC	Nas prácticas de laboratorio poranse en práctica todos os coñecementos teóricos abordados, así como a resolución de casos prácticos reais, co apoio dun software informático.

Atención personalizada

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Exame de preguntas obxectivas	Exame do primeiro bloque correspondentes aos temas 1 e 2.	30	A5	B3 C2
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	Informe de prácticas coa resolución dun caso práctico por parte do alumno que avalía todo o bloque de prácticas de computador co soporte informático	30	A5	B3 C2
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame Final onde se aborda todo o contido da materia.	40	A5	B3 C2

Outros comentarios sobre a Avaliación

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

A. Cañada, **Series de Fourier y aplicaciones**, Ediciones Pirámide, 2002

I. Peral, **Primer curso de Ecuaciones en Derivadas Parciales**, Addison-Wesley,, 1995

D. G. Zill y M. R. Cullen, **Ecuaciones Diferenciales**, McGraw-Hill, 2008

Bibliografía Complementaria

R. Churchill y J. Brown,, **Fourier series and boundary value problems**, McGraw Hill, 2008

L. Evans, **Partial Differential Equations**, Amer Math Soc, 2010

S. Larsson y V. Thomee, **Partial differential equations with numerical methods**, Springer, 2003

Recomendacións

Outros comentarios

Recoméndase realizar un repaso dos conceptos abordados en materias de Cálculo de primeiro de grao de Enxeñaría, fundamentalmente os contidos relacionados coas Ecuacións Diferenciais.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Modelado e simulación sistemas biomédicos**

Materia	Modelado e simulación sistemas biomédicos			
Código	V04M192V01103			
Titulación	Máster Universitario en Enxeñaría Biomédica			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	4.5	OB	1	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Enxeñaría de sistemas e automática			
Coordinador/a	Fernández Villaverde, Alejandro			
Profesorado	Fernández Villaverde, Alejandro			
Correo-e	afvillaverde@uvigo.gal			
Web	http://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	Adquirir os coñecementos necesarios para construír modelos dinámicos de biosistemas, con énfase nos procesos e sistemas de interese na enxeñaría biomédica. Coñecer as técnicas de identificación, simulación, e análise de modelos matemáticos, e aprender como aplicarlas a problemas de enxeñaría biomédica.			

Competencias

Código	
A5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B3	Coñecemento en materias básicas e tecnolóxicas que os capacite para a aprendizaxe de novos métodos e teorías, e os dote de versatilidade para adaptarse a novas situacións.
C3	Capacidade para seleccionar e aplicar métodos avanzados de modelado para o deseño e simulación de sistemas biomédicos.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Conocer la utilidad del modelado matemático y aplicarlo a biosistemas de interés en medicina.	B3 C3
Conocer métodos de simulación de modelos y herramientas computacionales para modelado.	B3 C3
Aprender a construir modelos a partir de datos experimentales y el conocimiento biomédico existente.	A5 B3 C3
Aplicar modelos para analizar el comportamiento de biosistemas	A5 B3 C3

Contidos

Tema	
1. Introducción ao modelado matemático en biomedicina	1.1. Motivación e historia dos modelos en biomedicina 1.2. Modelado dinámico: compoñentes e paradigmas 1.3. Tipos de modelos dinámicos 1.3.1. Grafos 1.3.2. Ecuacións diferenciais 1.4. Combinacións de modelos 1.5. Exemplos

2. Sistemas dinámicos biomédicos e formalismos para o seu modelado	<ul style="list-style-type: none"> 2.1. Tipos de biosistemas de interese 2.2. Cinética das reaccións bioquímicas 2.3. Nivel celular <ul style="list-style-type: none"> 2.3.1. Metabolismo 2.3.2. Sinalización celular 2.3.3. Expresión xénica 2.4. Nivel orgánico <ul style="list-style-type: none"> 2.4.1. Electrofisioloxía 2.4.2. Regulación da glicosa 2.4.3. Farmacocinética e farmacodinámica 2.5. Nivel de poboacións <ul style="list-style-type: none"> 2.5.1. Epidemioloxía 2.5.2. Comunidades microbianas
3. Métodos numéricos de simulación	<ul style="list-style-type: none"> 3.1. Integración de ecuacións diferenciais ordinarias <ul style="list-style-type: none"> 3.1.1. Métodos de paso fixo 3.1.2. Métodos de paso variábel 3.2. Integración de ecuacións estocásticas <ul style="list-style-type: none"> 3.2.1. Algoritmo de Gillespie 3.3. Software de simulación <ul style="list-style-type: none"> 3.3.1. Entornos de programación de propósito xeral 3.3.2. Ferramentas de simulación especializadas 3.4. Estándares, formatos e repositorios
4. Construción de modelos e identificación de sistemas	<ul style="list-style-type: none"> 4.0. PASO 0: obter as ecuacións do modelo 4.1. PASO 1: analizar observabilidade e identificabilidade estrutural 4.2. PASO 2: definir a función obxectivo 4.3. PASO 3: optimización dos parámetros <ul style="list-style-type: none"> 4.3.1. Métodos locais 4.3.2. Métodos globais 4.3.3. Definición do problema de optimización 4.4. PASO 4: análise da bondade do axuste 4.5. PASO 5: cuantificación da incerteza dos parámetros 4.6. PASO 6: cuantificación da incerteza nas predicións 4.7. Deseño de experimentos 4.8. Selección de modelos 4.9. Recursos software
5. Comportamento dinámico	<ul style="list-style-type: none"> 5.1. Equilibrio e estabilidade <ul style="list-style-type: none"> 5.1.1. Caracterización matemática da estabilidade 5.2. Bifurcacións 5.3. Oscilacións 5.4. Robustez <ul style="list-style-type: none"> 5.4.1. Redundancia 5.4.2. Insensibilidade paramétrica 5.4.3. Realimentación 5.4.4. Prealimentación 5.5. Redución de modelos

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	16.5	20	36.5
Resolución de problemas	7.5	11.5	19
Prácticas con apoio das TIC	12	24	36
Exame de preguntas de desenvolvemento	3	18	21

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesorado dos contidos da materia.
Resolución de problemas	O profesorado resolverá na aula problemas e exercicios, tendo que resolver o alumnado exercicios similares para adquirir as capacidades necesarias.
Prácticas con apoio das TIC	Nas prácticas o alumnado aplicará os coñecementos adquiridos nas clases de teoría para a construción, calibración, simulación e análise de modelos dinámicos usando ferramentas informáticas (MATLAB).

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Lección maxistral	Atención a preguntas e dúbidas do alumnado.
Resolución de problemas	Atención a preguntas e dúbidas do alumnado.
Prácticas con apoio das TIC	Atención a preguntas e dúbidas do alumnado.
Probas	Descrición
Exame de preguntas de desenvolvemento	Atención a preguntas e dúbidas do alumnado.

Avaliación					
	Descrición	Cualificación		Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Prácticas con apoio das TIC	As prácticas avaliaranse de forma continua (sesión a sesión) cunha puntuación de 0 a 10 cada unha. Os criterios de avaliación son: - Asistencia mínima do 80%. - Puntualidade. - Preparación previa da práctica. - Actitude e aproveitamento da sesión. - Cumprimento dos obxectivos fixados.	30	A5	B3	C3
Exame de preguntas de desenvolvemento	O exame final consistirá nunha proba escrita (preguntas e/ou exercicios), cunha puntuación de 0 a 10 puntos, de carácter individual e presencial, que se realizará ao concluír o cuadrimestre, nos horarios oficiais establecidos pola dirección do centro.	70		B3	C3

Outros comentarios sobre a Avaliación

Débense superar ambas partes (exame final e prácticas) para aprobar a materia, obténdose entón a nota total segundo a porcentaxe indicada anteriormente. No caso de non superar algunha das partes, aplicarase un escalado ás notas parciais, de forma que a nota total non supere o 4,5.

De non aprobar as prácticas en avaliación continua ao longo do cuadrimestre, non se poderá aprobar a materia na primeira convocatoria do curso. Na segunda convocatoria, poderá presentarse a un único exame de prácticas de laboratorio que permitiría, en caso de superalo, aprobar as prácticas, e con iso ter opcións de aprobar a materia.

Para a consideración de presentada/o ou non presentada/o só se terá en conta a participación no exame final.

Na segunda convocatoria do mesmo curso, o alumnado deberá examinarse das partes non superadas na primeira convocatoria, cos mesmos criterios que nela.

Compromiso ético: Espérase que o alumnado presente un comportamento ético adecuado. No caso de detectar un comportamento non ético (como copia, plaxio, utilización de aparellos electrónicos non autorizados, entre outros) considerarase que non reúne os requisitos necesarios para superar a materia. Neste caso a cualificación global no presente curso académico será de suspenso (0.0).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Joseph DiStefano III, **Dynamic systems biology modeling and simulation**, 9780124104938, <https://vdoc.pub/download/dynamic-systems-biology-modeling-and-simulation-4iqd7mrh3fv0>, Elsevier Science, 2015

Bibliografía Complementaria

Edda Klipp et al, **Systems biology: a textbook**, 978-3527336364, Wiley-Blackwell, 2016

Brian Ingalls, **Mathematical Modelling in Systems Biology: An Introduction**, 978-0262018883, https://www.math.uwaterloo.ca/~bingalls/MMSB/MMSB_w_solutions.pdf, The MIT Press, 2018

D. del Vecchio, R.M. Murray, **Biomolecular feedback systems**, 978-0-691-16153-2, <http://www.cds.caltech.edu/~murray/BFSwiki/>, Princeton University Press, 2014

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Control e regulación das funcións corporais/V04M192V01202

DATOS IDENTIFICATIVOS**Sistemas de diagnóstico e terapia**

Materia	Sistemas de diagnóstico e terapia			
Código	V04M192V01104			
Titulación	Máster Universitario en Enxeñaría Biomédica			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	4.5	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Tecnoloxía electrónica			
Coordinador/a	Quintáns Graña, Camilo Pastoriza Santos, Vicente			
Profesorado	Pastoriza Santos, Vicente Quintáns Graña, Camilo			
Correo-e	quintans@uvigo.es vpastoriza@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal			
Descrición xeral	O propósito principal desta materia é que os estudantes adquiren os coñecementos acerca dos fundamentos físicos e das tecnoloxías utilizadas nos equipos médicos que integran os sistemas de diagnóstico e terapia empregados no ámbito hospitalario. O temario complétase cunha introdución á protección, calidade e lexislación aplicable. Estes contidos complementáanse e reforzan coa realización de prácticas orientadas ao estudo do funcionamento e das especificacións dos equipos nos servizos existentes nos hospitais participantes na titulación.			

Competencias

Código	
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B3	Coñecemento en materias básicas e tecnolóxicas que os capacite para a aprendizaxe de novos métodos e teorías, e os dote de versatilidade para adaptarse a novas situacións.
B5	Coñecementos para a realización de medicións, cálculos, valoracións, taxacións, peritaxes, estudos, informes, planes de labores e outros traballos análogos.
B6	Capacidade para o manexo de especificacións, regulamentos e normas de obrigado cumprimento.
C4	Coñecemento e capacidade para o deseño e análise de sistemas, sensores e técnicas para diagnóstico, terapia e monitorización.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer e comprender os principios físicos de funcionamento dos equipamentos médicos que integran os sistemas de diagnóstico e terapia empregados no ámbito hospitalario.	B3 B5 C4
Coñecer e comprender os principios operativos dos principais equipamentos médicos empregados no ámbito hospitalario.	A3 B3 C4
Posuír coñecementos para supervisar a utilización e o mantemento de equipamentos médicos.	A3 B3 B5 B6 C4
Analizar a xestión de instalacións asociadas a equipos médicos e aplicar os coñecementos adquiridos para a súa mellora.	A3 B5 B6 C4
Coñecer os fundamentos para traballar en equipos multidisciplinares propios da enxeñaría biomédica	B3 C4

Contidos

Tema

Tema 1: Introducción.	Descrición xeral da materia. Introdución ás técnicas de diagnóstico e terapia.
Tema 2: Fundamentos físicos dos equipos de diagnóstico e terapia.	Ondas electromagnéticas. Interacción da radiación electromagnética coa materia. Transicións radioactivas. Estrutura nuclear. Procesos nucleares.
Tema 3: Tecnoloxías para o diagnóstico con raios X.	O aparello de raios X. Xeración de raios X. Emisión de raios X. Interacción de raios X coa materia. Detección e formación da imaxe. Pantallas intensificadoras, dispositivos restritor de feixe e reixa.
Tema 4: Caracterización e funcionamento dos equipos de tomografía computarizada.	Introdución. Imaxe tomográfica. Tomografía computarizada convencional, helicoidal e multicorte. Compoñentes. Usos diagnósticos e terapéuticos. Seguridade. Representación da imaxe. Calidade da imaxe.
Tema 5: Caracterización e funcionamento dos equipos de resonancia magnética.	Introdución. Comportamento do spin nuclear nun campo magnético. Xeración do sinal de resonancia magnética. Sala de exploración. Equipos de resonancia abertos e pechados. Emisores e receptores. Consola de mandos. Usos diagnósticos e terapéuticos. Seguridade. Captura de sinal: Transformada de Fourier, espazo K e matriz de datos. Tempo de repetición, tempo de eco, tempo inversión. Secuencias de adquisición clásicas: spin-eco, e eco de gradiente. Reconstrución en 2D e 3D. Artefactos en resonancia magnética. Técnicas emerxentes.
Tema 6: Tecnoloxías para o diagnóstico en medicina nuclear.	Introdución. Radiofármacos para diagnóstico por imaxe. Técnicas para produción de radiofármacos. Acelerador de partículas. Obtención da imaxe plana. A gammacámara. Técnicas para tomografías por emisión de positróns (PET, SPECT).
Tema 7: Tecnoloxías para radioterapia.	Introdución. Tipos de radioterapias. Braquiterapia. Radioterapia de feixes externos. Feixe de electróns. Feixe de fotóns de raios X. O acelerador lineal. Protonterapia.
Tema 8: Protección, calidade e lexislación.	Normas de seguridade básicas para a protección ante a exposición a radiacións ionizantes. Criterios de calidade en radioterapia. Conceptos sobre seguridade en instalacións nucleares. Normativa sobre usos médicos de raios X. Xustificación do uso das radiacións ionizantes en medicina. Criterios de calidade en radiodiagnóstico.
Prácticas.	Práctica 1: Radioloxía. Práctica 2: Medicina nuclear. Práctica 3: Radioterapia.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	1	2
Lección maxistral	13	13	26
Estudo de casos	4	8	12
Seminario	2	4	6
Estudo previo	0	12	12
Prácticas de laboratorio	12	0	12
Exame de preguntas obxectivas	0.5	6.5	7
Resolución de problemas e/ou exercicios	0.5	7	7.5
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	0	18	18
Presentación	2	6	8
Observación sistemática	1	1	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición

Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor/a dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio que o/a estudante ten que desenvolver. Trabállanse as competencias: CB3, CG3, CG5, CG6 e CE4.
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnóstico e adestrarse en procedementos alternativos de solución. Trabállanse as competencias: CB3, CG3, CG5, CG6 e CE4.
Seminario	Actividade enfocada ao traballo sobre un tema específico, que permite afondar ou complementar os contidos da materia. Pódese empregar como complemento das clases teóricas. Trabállanse as competencias: CB3, CG3, CG5, CG6 e CE4.
Estudo previo	Busca, lectura e traballo de documentación, previo ás clases ou prácticas de laboratorio, que realiza o alumnado de forma autónoma. Trabállanse as competencias: CB3, CG3, CG5, CG6 e CE4.
Prácticas de laboratorio	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas, e de adquisición de habilidades básicas e de procedementos, relacionadas coa materia obxecto de estudo. Estas prácticas realízanse en instalacións hospitalarias. As competencias que se traballan son: CB3, CG3, CG5, CG6 e CE4.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introductorias	Os estudantes terán ocasión de acudir a titorías personalizadas ou en grupos no despacho do profesorado no horario que se establecerá para ese efecto a principio de curso e que se publicará na páxina web da materia. En ditas titorías atenderanse dúbidas e consultas dos estudantes sobre a organización da materia.
Lección maxistral	Os estudantes terán ocasión de acudir a titorías personalizadas ou en grupos no despacho do profesorado no horario que se establecerá para ese efecto a principio de curso e que se publicará na páxina web da materia. En ditas titorías atenderanse dúbidas e consultas dos estudantes sobre os contidos impartidos nas sesións maxistrais e orientaráselles sobre como abordar o seu estudo.
Estudo previo	Os estudantes terán ocasión de acudir a titorías personalizadas ou en grupos no despacho do profesorado no horario que se establecerá para ese efecto a principio de curso e que se publicará na páxina web da materia. En ditas titorías atenderanse dúbidas e consultas dos estudantes sobre o traballo previo ás clases ou prácticas de laboratorio.
Seminario	Os estudantes terán ocasión de acudir a titorías personalizadas ou en grupos no despacho do profesorado no horario que se establecerá para ese efecto a principio de curso e que se publicará na páxina web da materia. En ditas titorías atenderanse dúbidas e consultas dos estudantes sobre un tema concreto da materia.
Estudo de casos	Os estudantes terán ocasión de acudir a titorías personalizadas ou en grupos no despacho do profesorado no horario que se establecerá para ese efecto a principio de curso e que se publicará na páxina web da materia. En ditas titorías atenderanse dúbidas e consultas dos estudantes sobre un caso exposto previamente.
Prácticas de laboratorio	Os estudantes terán ocasión de acudir a titorías personalizadas ou en grupos no despacho do profesorado no horario que se establecerá para ese efecto a principio de curso e que se publicará na páxina web da materia. En ditas titorías atenderanse dúbidas e consultas dos estudantes sobre o desenvolvemento das prácticas de laboratorio.

Probas	Descrición
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	Os estudantes terán ocasión de acudir a titorías personalizadas ou en grupos no horario que se establecerá para ese efecto a principio de curso e que se publicará na páxina web da materia. En ditas titorías atenderanse dúbidas e consultas dos estudantes sobre a preparación das memorias dos resultados das prácticas de laboratorio.
Presentación	Os estudantes terán ocasión de acudir a titorías personalizadas ou en grupos no horario que se establecerá para ese efecto a principio de curso e que se publicará na páxina web da materia. En ditas titorías atenderanse dúbidas e consultas dos estudantes sobre a preparación e defensa dun tema concreto da materia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Exame de preguntas obxectivas	Probas que avalían o coñecemento que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos, etc.) Os alumnos/as seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades.	25	A3	B3	C4
				B5	
				B6	

Resolución de problemas e/ou exercicios	Probas nas que o/a alumno/a debe solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo/condicións establecido/as polo profesor/a. Deste xeito, o alumnado debe aplicar os coñecementos que adquiriu.	25	A3	B3 B5 B6	C4
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	Elaboración dun informe por parte do/a alumno/a no que se reflicten as características do traballo levado a cabo. Os alumnos/as deben describir as tarefas e procedementos desenvolvidos, mostrar os resultados obtidos ou observacións realizadas, así como a análise e tratamento de datos.	30	A3	B3 B5 B6	C4
Presentación	Exposición por parte dun grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo. Na presentación avalíanse coñecementos, habilidades e actitudes.	10			
Observación sistemática	Percepción atenta, racional, planificada e sistemática para describir e rexistrar as manifestacións do comportamento do alumnado. É posible valorar aprendizaxes e accións e como se levan a cabo valorando a orde, precisión, a destreza, eficacia, a participación activa, etc.	10	A3	B3 B5 B6	C4

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. Avaliación continua

Seguindo as directrices propias da titulación e os acordos da comisión académica ofrecerase aos alumnos que cursen esta materia un sistema de avaliación continua.

As cualificacións das tarefas avaliáveis serán válidas só para o curso académico no que se realizan.

A avaliación continua está formada polas catro partes seguintes:

1.1 Prácticas (30%), que se divide en:

- Desenvolvemento das prácticas: realización das prácticas da materia. Só se permite faltar a unha sesión por causas xustificadas e deberase recuperar noutra quenda na medida das posibilidades horarias. A seu cualificación será de aptas ou non aptas.
- Informe das prácticas de laboratorio (30%).

1.2 Exames de aula (50%), que se divide de forma orientativa en:

- Preguntas obxectivas (25%).
- Cuestións e exercicios (25%).

1.3 Presentación (10%): presentaranse de forma oral os resultados sobre o traballo dun tema concreto da materia.

1.4 Observación sistemática (10%). Terase en conta, ademais dos aspectos mencionados na descrición, a participación do estudante na realización das actividades propostas para o seu traballo autónomo e a participación nas titorías.

A nota final, que se puntúa sobre un máximo de 10 puntos, é a suma das notas de cada parte si se cumpren as seguintes condicións:

- Obter unha cualificación de apto nas prácticas de laboratorio.
- Obter unha puntuación mínima do 40% no informe de prácticas, e nos exames de aula.
- Realizar a presentación do traballo.

Si non se cumpre algún dos requisitos anteriores, a nota final será a suma das notas de cada parte, pero limitada a un 40% da nota máxima (4 puntos). Os alumnos que non alcancen unha puntuación mínima do 40% na avaliación do informe das prácticas e nos exames, ou que non realicen a presentación na avaliación continua poderán recuperalos nas probas da convocatoria de recuperación mantendo as porcentaxes da avaliación continua.

Para aprobar, os alumnos deben obter unha puntuación total igual ou superior ao 50% da nota máxima (5 puntos).

As probas de preguntas obxectivas e de exercicios dividiránse en dúas sesións repartidas ao longo do período lectivo. A primeira coincidirá na metade do período de docencia e a segunda no exame final.

2. Exame final

Os alumnos que non opten pola avaliación continua poderán presentarse a un exame final no que realizaran as dúas partes do exame (preguntas obxectivas e exercicios) e, ademais, terán que realizar a presentación oral sobre unha das temáticas da materia a elixir entre dúas opcións, se previamente non solicitou a asignación do tema ao profesorado.

Para aprobar deberá obter un mínimo do 40% en cada parte e sumar en total, como mínimo, 5 puntos.

Os alumnos de avaliación continua que teñan pendente superar o mínimo dalgunha parte poderán facelo no exame final. Se non alcanzaron o mínimo no informe de prácticas, terán de data límite para presentar as melloras propostas até o exame final. Enténdese que a realización das prácticas é obrigatoria sexa cal for a convocatoria á que se presenten.

3. Sobre a convocatoria de recuperación (xullo)

Nesta convocatoria a avaliación será como no exame final. Será necesario superar as prácticas durante o curso académico.

4. Compromiso ético

Espérase que o estudante presente un comportamento ético axeitado. No caso de detectar un comportamento non ético (copia, plaxio, utilización de aparellos electrónicos non autorizados, ou outros), considerarase que o estudante non reúne os requisitos necesarios para superar a materia. Neste caso a cualificación global no presente curso académico será de suspenso (0.0).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Ignacio López Moranchel, Patricia irene Maurelos Castell, **Fundamentos físicos y equipos**, 978-84-9077-368-0, 3ª edición, Editorial Síntesis, 2019

X. Pifarré, M. A. Rivas, J. Valverde, P. Ruiz, J. Molero, M.F. Rodríguez, **Fundamentos de Física Médica. Volumen 2: Radiodiagnóstico: bases físicas, equipos y control de calidad.**, 978-84-938016-6-3, Aula Documental de Investigación (A.D.I), 2012

Araceli Hernández Vitoria, María Cruz Lizuain Arroyo, Cristina Picón Olmos, **Fundamentos de Física Médica. Volumen 3: Radioterapia externa I. Bases físicas, equipos, determinación de la dosis absorbida y programa de garantía de calidad**, 978-84-938016-7-0, Aula Documental de Investigación (A.D.I), 2012

Carlos Vallejo Carrascal, **Técnicas de imagen en medicina nuclear**, 978-84-9171-369-2, Editorial Síntesis, 2019

C. Álvarez, C. Escalada, P. Fernández, N. Ferrer, L. Carlos Martínez, M.C. Paredes, **Fundamentos de Física Médica. Volumen 7: Protección radiológica hospitalaria**, 978-84-944186-2-4, Aula Documental de Investigación (A.D.I), 2016

Ángel Alberich-Bayarri, Gracián García Martí, Eduardo Guibelalde del Castillo, Roberto Sanz Requena, **Fundamentos de Física Médica. Volumen 10: Radiaciones no ionizantes II. Resonancia magnética. Bases físicas, equipos y control de calidad.**, 978-84-944186-5-5, Aula Documental de Investigación (A.D.I), 2018

Ignacio López Moranchel, **Protección radiológica**, 978-84-9077-495-3, 2ª, Editorial Síntesis, 2019

Bibliografía Complementaria

M. alonso, E.J.Finh, **Física**, 968-444-426-5, Pearson Education, 2000

Stewart C. Bushong, **Manual de radiología para técnicos**, 84-8086-031-6, 5ª edición, Mosby, 1993

J.M Fernández-Varea, A. Brosed, A.M. González Leitón, A. Gracia Ezpeleta, **Fundamentos de Física Médica. Volumen 1: Medida de la radiación.**, 978-84-938016-1-8, Aula Documental de Investigación (A.D.I), 2011

Patricia Irene Maurelos Castell, Ignacio López Moranchel, **Técnicas de radiología simple**, 978-84-9077-390-1, 2ª, Editorial Síntesis, 2020

Juan Montero Reyes, María Carmen Prieto, Daniela de Araujo, **Técnicas de radiología especial**, 978-84-9171-026-4, Editorial Síntesis, 2017

J.M. Delgado Rodríguez, A. García Romero, F. García Vicente, E. Millán Cebrián, **Fundamentos de Física Médica. Volumen 4: Radioterapia externa II. Dosimetría clínica, algoritmos de cálculo, sistemas de planificación y control de calidad.**, 978-84-940849-7-3, Aula Documental de Investigación (A.D.I), 2013

F. Ballester, A. Brosed, V. Carmona, V. Crispín, et al, **Fundamentos de Física Médica. Volumen 5: Braquiterapia: bases físicas, equipos y control de calidad**, 978-84-940849-0-4, Aula Documental de Investigación (A.D.I), 2014

R. Barquero, N. Ferrer, J.M. Martí, J. Pavía, R. Puchal, X. Setoain, **Fundamentos de Física Médica. Volumen 6: Medicina nuclear: bases físicas, equipos y control de calidad**, 978-84-940849-2-8, Aula Documental de Investigación (A.D.I), 2014

vicente Juan Magías Moreno, **Técnicas de imagen por resonancia magnética**, 978-84-9077-496-0, Editorial Síntesis, 2017

Julia Vallés Pascual, **Técnicas de radiofarmacia**, 978-84-9077-338-3, Editorial Síntesis, 2019

Harold Elford Johns, John Robert Cunningham, **The Physics of Radiology**, 0-398-04669-7, 4ª, Charles C Thomas, 1983

Álvaro Ruibal Morell, **La biología en la medicina nuclear e imagen molecular oncológica**, 978-84-09-23551-3, 2020
CONSEJO DE LA UNIÓN EUROPEA de 5 de diciembre de 2013, **DIRECTIVA 2013/59/EURATOM**, Diario Oficial de la Unión Europea, 2013

Centro de documentación: Normativa, **Consejo de Seguridad Nuclear (CSN)**,

Recomendacións

DATOS IDENTIFICATIVOS**Análisis biomecánico de actividades e funcións humanas**

Materia	Análisis biomecánico de actividades e funcións humanas			
Código	V04M192V01105			
Titulación	Máster Universitario en Enxeñaría Biomédica			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	4.5	OB	1	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Enxeñaría mecánica, máquinas e motores térmicos e fluídos			
Coordinador/a	López Campos, José Ángel			
Profesorado	López Campos, José Ángel			
Correo-e	joseangelopeccampos@gmail.com			
Web				
Descrición xeral				

Competencias

Código				
A5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.			
B3	Coñecemento en materias básicas e tecnolóxicas que os capacite para a aprendizaxe de novos métodos e teorías, e os dote de versatilidade para adaptarse a novas situacións.			
C5	Capacidade para desenvolver modelos biomecánicos do sistema musculoesquelético baseados na antropometría do corpo humano e as leis mecánicas do movemento.			

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer os principios da análise biomecánico de actividades e funcións humanas	B3 C5
Aplicar coñecementos dos principios da análise biomecánico de actividades e funcións humanas no deseño dentro do campo da enxeñaría biomédica	A5 B3 C5

Contidos

Tema			
1.- Aspectos técnicos da análise da activación muscular mediante técnicas de electromiografía.	1.1. - Obtención de sinal. Protocolos para a captura de datos.		
	1.2. - Procesado de sinal. Filtros, suavizado e normalización.		
	1.3. - Implementación de ferramentas para o procesado de sinal.		
2.- Captura de movemento mediante dispositivos ópticos.	2.1. - Sistemas de captura de movemento con cámaras e marcadores.		
	2.2. - Calibración de sistemas ópticos.		
	2.3. - Captura, tratamento e exportación de datos.		
3.- Simulación computacional de sistemas biomecánicos.	3.1. - Modelos de multicorpo para a simulación de sistemas biomecánicos.		
	3.2. - Escalado e cinemática inversa. Análise da cinemática articular.		
	3.3. - Dinámica de sistemas biomecánicos, control muscular e dinámica inversa. Sistemas de asistencia ao movemento.		

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	15	0	15

Prácticum, Practicas externas e clínicas	21	0	21
Resolución de problemas de forma autónoma	0	50	50
Traballo tutelado	0	26.5	26.5
Observación sistemática	0	0	0
Proxecto	0	26.5	26.5
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	0	0	0

